



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO DE VIVEIRO O DÍA QUINCE DE DECEMBRO DE DOUS MIL CINCO**

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. Melchor Roel Rivas.

CONCELLEIROS

D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, D. José Luís Docampo Fortes, D. Rafael Luís Fernández Amor, D. César Ricardo Naval Parapar, D^a. María Rebeca Fernández Martínez, D^a Ana María Basanta Tojo, D. José Antonio Goás Basanta, D. César Aja Mariño, D. José Joaquín Gayoso Roca, D. Guillermo Leal Arias, D. Justo Vicente Vázquez Chao, D. Antonio Solla Díaz, D^a Marta Pérez Lage, D^a. Rosario Canoura Labayén, D. Antonio José Bouza Rodil e D. Orlando Expósito Mariño.

SECRETARIO ACCIDENTAL

D. José Eugenio Vivero Russo.

INTERVENTOR

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día quince de decembro de dous mil cinco, baixo a Presidencia do señor alcalde, don Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos señores concelleiros relacionados anteriormente, así como a do Secretario accidental don José Eugenio Vivero Russo, lévase a cabo a sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo señor alcalde, declárase aberto.

**1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 10 DE
NOVEMBRO DE 2005 E EXTRAORDINARIA DO 1 DE DECEMBRO DE 2005.**

Polo señor alcalde, don Melchor Roel Rivas, pregúntase aos señores concelleiros se teñen algunha rectificación ou aclaración que facer ao acta da sesión ordinaria celebrada o día 10 de novembro de 2005.

Por parte do concelleiro de EU, don Orlando Expósito Mariño, prodúcese as dúas seguintes:

1. Indica que no punto núm. 6 da orde do día, relativo á “*Moción do PP sobre requirimento ao goberno da Xunta de Galicia para deixar sen efecto a anulación de proxectos de actuacións de abastecemento e saneamento*”, prodúcese a súa intervención que ven recollida na páxina 10 da acta e donde textualmente se indica: “*que houbo obras que se levaron a cabo con autorizacións de Augas de Galicia, sen determinar por onde se pasaba; dicindo que concretamente en Landrove non había coñecemento do proxecto ...*”.



Don Orlando Expósito precisa que *“en Landrove non tiña por que haber coñecemento do proxecto, senón que onde tiña que habelo era no propio Concello, onde había un descoñecemento total sen ter un plano ou memoria desa actuación.”*

2. Así mesmo, solicita á incorporación completa da súa intervención dentro do apartado núm. 7 da mesma acta, relativo á *“Moción do PP instando ao goberno da Xunta de Galicia a que desista da reforma á actual Lei electoral de Galicia, nos termos que se propoñen”*. Sinala que na súa intervención, fai unha proposta ao PP no sentido de que se respecte o número de deputados polas provincias de Lugo e Ourense e se faga unha ampliación nas de A Coruña e Pontevedra. Don Orlando Expósito indica que *“o que se propoñía polo Grupo Popular era que se respectaran o número de deputados existentes polas provincias de Lugo e Ourense, e eu fago unha proposta encamiñada en proceder a unha reforma electoral baseada na ampliación dos deputados nas zonas de Coruña e Pontevedra, que son as máis extensas en poboación, e a eliminación do 5%.”*

Don Orlando Expósito roga que se incorporen as dúas anteriores precisións na acta do 10 de novembro de 2005, sendo recollidas polo señor Secretario accidental.

A continuación, polo señor alcalde pregúntase aos señores concelleiros se teñen algunha obxección ou puntualización que facer á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 1 de decembro de 2005, producíndose as dúas seguintes:

1. A de don Joaquín Gayoso Roca, indicando que na páxina 10 da referida acta, onde se trata da Ordenanza Fiscal primeira (Reguladora do Imposto sobre bens inmobles), recóllese na disposición adicional 2ª que *“Los sujetos pasivos del IBI, titulares del inmueble sujeto a bonificación por familia numerosa, tendrán un plazo para solicitarla que irá del 1 de enero al 1 de abril del periodo impositivo al que vaya a aplicarse la bonificación”*.

Don José J. Gayoso Roca, indica que na Comisión Informativa de Economía e Facenda aceptárase a proposta de don Guillermo Leal, para que en vez de que os titulares do inmoble suxeito esta bonificación tiveran que solicitala, fora o Concello quen lles notificara, dando coñecemento dese prazo para solicitar a bonificación.

En relación a súa intervención, o señor alcalde indica que esa precisión non era para incorporar na ordenanza, senón que o que se plantexou na Comisión, foi de emitir directamente os recibos coa bonificación, pero que como non se podía facer, dicídiuse dar orde aos servizos municipais para notificar con antelación.

2. A de don Francisco Rodríguez indicando que *“nesa mesma acta derogamos tres ordenanzas, unha delas era a da Escola de Idiomas, é decir, que esa ordenanza está derogada e que por coherencia debese quitar de aquí.”*

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), acordan prestar aprobación ás ditas actas, tendo en conta as observacións indicadas.



2º.- **MOCIÓNS DA ALCALDÍA, RELATIVAS A:**

2.1.- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE INTERESE TURÍSTICO NACIONAL PARA A MOSTRA FOLKLÓRICA DE VIVEIRO.

Dáse conta polo Alcalde da moción da Alcaldía para solicitar a Declaración de Interese Turístico Nacional para a Mostra Folklórica de Viveiro. Don Melchor Roel indica da grande importancia deste evento, advertindo que constitue un punto de referencia para Viveiro e que debe apoiarse a súa declaración de Interese Turístico Nacional por todo o que representa, non só a nivel de espectáculo, senón tamén a nivel cultural e polo propio esforzo que Bagoas da Terra fixo durante tantos anos para mantela viva.

O Alcalde cede a palabra aos diferentes Grupos políticos do Concello, mostrando todos a súa conformidade.

Intervén o concelleiro do PP, don José Joaquín Gayoso Roca, para mostrar o apoio incondicional do seu Grupo, desexando éxito na xestión.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, dos membros presentes (dezasete), acorda prestar aprobación á devandita moción que, textualmente, dí:

“Desde o seu inicio, no ano 1979, a Mostra Folklórica de Viveiro, (nas súas variantes de Mostra Internacional e Infantil e Xuvenil), veu demostrando a variedade e riqueza do folklore existente nos diversos países e lugares do mundo, caracterizados por posuir contrastes, vestimentas e danzas de matizes ben distintos. O propio festival é un espectáculo de raza, cultura, danza e cor que lle dan un marcado carácter propio e de esplendor. A organización deste importante evento permite, ademais, que o noso Concello poda acercarse a culturas diferentes á nosa, fomentando o intercambio cultural.

A eses aspectos súmanse tamén a continuidade anual desta celebración, que foi crecendo en importancia e calidade ao longo dos anos, o propio fomento e conservación do folklore galego e a organización doutros actos complementarios ao propio espectáculo, como o “Destile das Nacións”, que enchen de alegría e vistosidade ás rúas de Viveiro.

Por todo elo, e pola propia importancia e valor da MOSTRA FOLKLÓRICA DE VIVEIRO, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte,

A C O R D O :

A proposta á Dirección Xeral de Turismo, da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, da Declaración de Interese Turístico Nacional para a MOSTRA FOLKLÓRICA DE VIVEIRO, fundamentando esta petición na grande calidade do espectáculo, no seu valor cultural e a súa pervivencia ao longo dos anos desde o seu nacemento, por ser unha clara mostra da manifestación dos valores culturais e da tradición popular, con especial consideración ás súas características etnolóxicas e o seu valor turístico.”

Dése traslado deste acordo á Directora da Asociación Cultural “Bagoas da Terra” de Viveiro.

2.2.- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL PARA A SEMANA SANTA DE VIVEIRO.

O señor Alcalde da conta da moción da alcaldía para solicitar á Declaración de Interese Turístico Internacional para a Semana Santa de Viveiro. Indica que esta celebración relixiosa xa está declarada de Interese Turístico Nacional dende o ano 1988, polo que agora tratase de acadar o seu recoñecemento a nivel internacional.



O Alcalde refírese á proxección e importancia da nosa Semana Santa, sinalando que “*na ten so para Viveiro, senón para toda Galicia e creemos que debe tela tamén a nivel internacional*”.

O Alcalde cede a palabra aos diferentes Grupos políticos.

Intervén o concelleiro do Partido Popular, don José Joaquín Gayoso Roca, para indicar que o seu Grupo xa formulou esta mesma proposta, que foi apoiada por unanimidade, no Pleno de 15 de febreiro de 2000.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), acorda prestar aprobación á devandita moción que, textualmente, dí:

“MOCIÓN DA ALCALDÍA PARA SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL DA SEMANA SANTA DE VIVEIRO.”

“Díse que a Semana Santa de Viveiro nace na Idade Media, concretamente no Século XIII, da man dos monxes franciscanos, xa que como é sabido na cidade existían, e existen, diversos conventos. Non obstante, existen datos que evidencian incluso un nacemento anterior a esa época. De ahí a antiguidade e importancia da Semana Santa de Viveiro.

Durante todo o seu percorrido ao longo dos sécalos, a Semana Santa de Viveiro, foi crescendo en importancia, en valor artístico e en grandiosidade, chegando á actualidade a converterse nun dos maiores referentes que ten o noso Concello cara o resto de Galicia, do Estado e sendo incluso un dos mellares eslabóns que ten Viveiro a nivel internacional. Da súa existencia podemos sentirnos orgullosos todos os cidadáns de Viveiro.

O valor da nosa Semana Santa xa foi recoñecido mediante a súa Declaración de Interese Turístico Nacional no ano 1988, segundo figura na publicación dada no Boletín Oficial do Estado núm. 72, de 24 de marzo de 1988.

Polo tanto, trátase de acadar neste intre o mellor recoñecemento a nivel internacional, xa que a relixiosidade, a imaxinería e os desfiles procesionais da Semana Santa de Viveiro, son coñecidos hoxe fora das nosas fronteiras.

Por todo elo, e pola propia importancia e valor da nosa Semana Santa, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte,

A C O R D O :

A proposta á Dirección Xeral de Turismo, da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, da Declaración de Interese Turístico Internacional para a SEMANA SANTA DE VIVEIRO, fundamentando esta petición na grande calidade e valor artístico da súa imaxinería, na solemnidade dos seus desfiles procesionais, no seu valor cultural e a súa pervivencia ao longo dos anos, por ser unha clara mostra da manifestación dos valores culturais e da tradición popular que ten Galicia e pola especial consideración das súas características e do seu valor histórico e turístico, tanto a nivel nacional como internacional.”

Dése traslado deste acordo á Xunta de Cofradías da Semana Santa de Viveiro.



2.3.- SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DE ADXUDICACIÓN DUN SOLAR SITO NA RÚA RÍO DOS FOLES NÚM. 20 DE VIVEIRO.

O señor alcalde comenta o contido desta moción. Indica que é un solar que comprende desde a rúa Río dos Foles (Rego das Flores) á Avenida Benito Galcerán e que posúe una superficie de “*cincocentos noventa e dous metros cadrados*” (592 m²).

Sinala que a proposta da alcaldía é solicitar á Xunta a súa adxudicación, para non pechar a posibilidade única da cesión, xa que si fora cesión sería de carácter gratuito. Así mesmo, indica que o valor catastral desta finca, e da edificación de 90 m² que ten en ruínas, ascende a uns 39.000 €. Apunta que esta solicitude ven motivada en podelo dedicar a vivendas sociais fundamentalmente, tanto para xoves, persoas maiores, vítimas da violencia de xénero, persoas discapacitadas, familias numerosas e familias con menores recursos, etc. Trátase, polo tanto, de solicitar á Xunta, a través da Consellería de Facenda, que adxudique ao Concello este solar coa finalidade de ser destinado a vivendas sociais para os colectivos mencionados.

O alcalde cede a palabra aos diferentes Grupos políticos da Corporación.

En representación do Partido Popular intervén don José Joaquín Gayoso Roca, para precisar que están de acordo con esta moción “*sen prexuízo de que nos próximos orzamentos se inclúa unha partida adecuada para seguir nesta liña de creación de vivendas sociais*”.

A seguir, intervén o voceiro do BNG, don Francisco L. Rodríguez Guerreiro, para mostrar a súa conformidade, precisando que “*nos imos a apoiala, xa que é unha demanda que existe e que é necesaria, independentemente de que se estén a facer xestións para a adquisición de inmobles ou solares dentro casco antigo, como medida para a creación de vivendas sociais e como medio de rehabilitación da zona vella da cidade.*”

Don Orlando Expósito, voceiro de EU, valora á importancia desta xestión, xa que se acorda das dificultades de moitos traballadores para chegar a ter unha vivenda: “*non hai que olvidar a difícil situación de moitos veciños, no suposto incluso de que teñan traballo, xa que hoxe é literalmente imposible que moitos traballadores podan chegar a ter unha vivenda digna en Viveiro*”.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), acorda prestar aprobación á devandita moción que, textualmente, dí:

“MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DE ADXUDICACIÓN DUN SOLAR SITO NA RÚA RÍO DOS FOLES 20, EN VIVEIRO.

A necesidade de promover a edificación de vivendas destinadas aos colectivos que, por as súas particulares circunstancias, de xoves, persoas maiores, vítimas da violencia de xénero, persoas discapacitadas e as súas familias, familias numerosas, familias con menores recursos, etc; en Viveiro atópase coa dificultade de carecer de terreos propios axeitados por parte do Concello, pero isto non debe de levarnos a cruzar de brazos ata que a situación económica do Concello permita mercalos o que produto dos convenios ou normativa urbanística facilite a propiedade de terreos axeitados.

Existe a posibilidade de que a Xunta de Galicia adxudique ao Concello un solar sito na rúa Río dos Foles 20, cunha extensión de 592 metros cadrados, e coa edificabilidade pechada intensiva; que permitiría, en caso de adxudicación, destinalo a edificación de vivendas aos colectivos antes mencionados.



Por todo o exposto, solicito ao Pleno da Corporación, adopte o seguinte acordo:

O Pleno da Corporación municipal de Viveiro, solicita á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Facenda, adxudique ao Concello de Viveiro o solar situado na rúa Río dos Foles 20, no termo municipal de Viveiro, coa referencia catastral 3659403PJ1335N0002EW para a edificación de vivendas sociais destinadas aos colectivos de xoves, persoas maiores, vítimas da violencia de xénero, persoas discapacitadas e as súas familias, familias numerosas, familias con menores recursos, etc.”

Dar traslado do acordo á Consellería de Economía e Facenda, da Xunta de Galicia.

2.4. INSTALACIÓNS DE PARQUES EÓLICOS MARIÑOS.

Dáse conta polo señor Alcalde do contido desta moción, advertindo de que “*se trata dunha moción preventiva*”. Sinala que un colectivo da zona de Carballo e de Carnota dirixiúse a todos os alcaldes de Galicia, para que se pronuncien sobre este tema, e que a moción ven encamiñada a demostrar, por parte do Concello, a disconformidade deste tipo de instalacións nas nosas costas, co ánimo de facela chegar á Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Medio Ambiente.

Intervén o concelleiro do Partido Popular, don José Joaquín Gayoso Roca, para mostrar o apoio do seu Grupo, advertindo que este asunto foi xa tratado e votado por unanimidade no Parlamento de Galicia, na sesión levada a cabo o 23 de maio de 2005, motivado por unha proposición de Lei do Grupo Popular.

A seguir, o voceiro do BNG, don Francisco L. Rodríguez Guerreiro, mostra a conformidade do seu Grupo para apoio da moción, advertindo ademais que “*é importante que os Concellos respondan a esta ameaza por intervencións no mar de parques eólicos*”.

O voceiro do PSG-PSOE, don Rafael Fernández Amor e de EU, don Orlando Expósito Mariño, mostran tamén o seu apoio, sinalando este último que “*en Viveiro xa hai bastantes parques eólicos e que non ve correcto nin beneficioso chegar a crear estas instalacións nas costas do Concello*”.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), acorda prestar aprobación á devandita moción que, textualmente, dí:

“MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE A INSTALACIÓN DE PARQUES EÓLICOS MARIÑOS.

É sabido de todos nos a intención por parte de certas empresas da instalación de parques eólicos mariños en diferentes zonas do noso litoral. Os primeiros proxectos para Carballo e Carnota xa se enviaron ás distintas Cofrarías para estudialos e presentar as oportunas reclamacións. Estudiadas estas, obsérvanse os inconvenientes que estes parques presentan para o noso mar.

Un dous primeiros problemas que atopamos é a cantidade de espazo que precisan, non so para a súa instalación, senón tamén polo perímetro de seguridade para a navegación. Unido a isto vai o perigo que terían as diferentes especies de flora e fauna, xa que as zonas escollidas para a súa instalación son, polas súas características, os mellores bancos marisqueiros.

Por non falar do grande impacto medioambiental que suporía para o medio e que prexudicaría non so ao sector do mar, senón a todos os demais sectores, tanto das zonas nas que se instalen como do resto de Galicia.



Polo devandito, é polo que esta Alcaldía solicita ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Manifestar a disconformidade do Concello coa instalación dos parques eólicos mariños, e remitir certificación do acordo á Presidencia da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Medio Ambiente.”

Dése traslado deste acordo á Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Medio Ambiente.

3º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA PERSOARSE O CONCELLO EN PROCEDEMENTOS XUDICIAIS DE TRÁMITES INCOADOS CONTRA MEMBROS DA ANTERIOR CORPORACIÓN MUNICIPAL, DERIVADOS DA SÚA XESTIÓN.

Don Melchor Roel da lectura íntegra ao texto desta moción e cede a palabra aos diferentes Grupos políticos da Corporación.

Intenvén, en primeiro lugar, don José Joaquín Gayoso Roca, en representación do PP, para preguntar si neste expediente hai algunha outra proposta que a citada polo señor alcalde, ao que don Melchor Roel responde que se trata solamente da proposta advertida.

O señor Gayoso Roca advirte de que neste momento xa hai unha serie de procedimentos en marcha en contra de actuais membros da Corporación e que “*a responsabilidade civil é automática e se existe responsabilidade penal, vai ser inmediatamente imposta: pola condea penal dérvase automaticamente a responsabilidade civil*”. Sinala que “*dado que esta proposta baséase nesa cuestión e fálase xenericamente de intereses municipais, hai que entender que se tratarían de supostos de responsabilidade civil ou similares, polo que entendo que non procede, posto que no Concello producíronse no Pleno dúas propostas paralelas do equipo de goberno e do Partido Popular, para trasladar ao Fiscal Xefe de Lugo o inicio de oito dilixencias*”.

Continúa a apuntar que habería que poñerse no caso de que ao final esas sentenzas foran absolutorias e advirte que “*se se trata de intereses municipais, na proposta de Pleno establecíase xa que se fixese a través do Fiscal Xefe, polo que nos parece que esta nova vai orixinar un gasto inútil*.” Conclúe de que o seu Grupo entende que vai xerar un gasto inútil e mostra a súa disconformidade á proposta.

A seguir, don Rafael L. Fernández Amor, en representación do PSG-PSOE, ve favorable á proposta, mostrando o voto a favor do seu Grupo.

O voceiro do BNG, don Francisco L. Rodríguez Guerreiro, indica que “*é unha proposta moi clara e concisa e se sae adiante trátase de encomendar aos servizos xurídicos do Concello para que se persoen en nome deste, e para a defensa dos intereses municipais*”. Sinala que “*o lóxico é que o Concello teña unha representación para defender os intereses municipais, e que non se trata dos intereses dunha parte da Corporación en contra da outra, senón simplemente dos intereses municipais*”.

Don Orlando Expósito Mariño, como voceiro de EU, indica que “*o lóxico é que o Concello estea defendido*”, e móstrase tamén a favor da proposta.

Intervén novamente o concelleiro do PP, don José J. Gayoso Roca, entendendo de que neste asunto houbo un cambio de postura, xa que inicialmente aprobouse en Pleno dar traslado dos expedientes ao Ministerio Fiscal.

Don Melchor Roel indica que non hai ningún cambio de postura, sinalando que “*a diferenza está en que antes nosoutros comunicamos ao Ministerio Fiscal (sen actuar con acusación nin como*



autodenuncia) e este iniciou unha serie de tramitacións, que lóxicamente teñen a súa repercusión sobre temas municipais”. Así mesmo, indica que “o único que dicimos aquí é de persoarnos e que se houbera que facer algunha outra actuación que a simple de persoarse, non habería ningúnha dúbida de que esta Alcaldía volvería a traer a proposta concreta do resultado dese dereito”. Indica que neste momento trátase de persoarnos, ter coñecemento e en virtude dese coñecemento, poder actuar. O alcalde insiste en que non houbo ningún cambio de postura, senón unhas dilixencias abertas polo Ministerio Fiscal, por unha parte, e por autodenuncia, por outra.

Non se producen outras intervencións, polo que se procede a efectuar a votación e o Pleno da Corporación, por nove votos a favor (PSG-PSOE, BNG e IU-EU) e 8 en contra (PP), acorda prestar aprobación á devandita proposta que, textualmente, dí:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA PERSOARSE O CONCELLO EN PROCEDIMENTOS XUDICIAIS DE TRÁMITES INCOADOS CONTRA MEMBROS DA ANTERIOR CORPORACIÓN MUNICIPAL, DERIVADOS DA SÚA XESTIÓN.

Sen prexulgar as imputacións que realizou o Ministerio Fiscal a membros da anterior Corporación, o que si é certo é que estas poden derivar en consecuencias que repercutan nos intereses municipais. Por todo isto, solicito ao Pleno que adopte o seguinte acordo:

Facultar ao Alcalde para que encomende aos servizos xurídicos do Concello que se persoen, en nome do Concello e para a defensa dos intereses municipais, nos procedementos xudiciais en trámite, incoados contra membros da anterior Corporación Municipal e derivados da súa xestión.”

4º.- **MOCIÓN DO PP SOBRE**

4.1. INSTAR AO MINISTERIO DE FACENDA A QUE MANTEÑA OS SERVIZOS QUE A ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA DE FOZ VEN PRESTANDO ATA ESTE MOMENTO.

Don Guillermo Leal Arias, en representación do Grupo Popular, da lectura ao texto íntegro desta moción, que textualmente dí:

“O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE GALICIA no Concello de Viveiro, a través do seu portavoz, don César Aja Mariño, con base á legislación vixente, presenta a seguinte:

MOCIÓN POLA QUE SE INSTA AO MINISTERIO DE FACENDA A QUE MANTEÑA OS SERVIZOS QUE A ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA DE FOZ VEN PRESTANDO ATA ESTE MOMENTO.

EXPÓN:

Que segundo as últimas informacións, o Ministerio de Facenda pretende unha reorganización das súas Administracións Tributarias, incluíndo nesta reorganización a supresión de varios servizos que se veñen prestando na actualidade na Administración de Foz.

Tendo en conta que isto sería un grave prexuízo para os cidadáns da Mariña lucense, que se verían obrigados a desprazarse á capital da provincia para as xestións importantes.

Tendo en conta que a Administración debe estar para facilitar o acceso do cidadán aos servizos administrativos e polo tanto para acercalos.



Tendo en conta que con esta actuación estaríanse aloxando servizos e provocando, polo tanto, un incremento dos custos, dos desprazamentos e, en definitiva, de inconvenientes para todos os cidadáns da Mariña supoñendo por elo un agravio comparativo cos doutros municipios da provincia e doutras provincias.

Segundo as informacións que posuímos, as funcións que deixaría de realizar serían:

- Control sobre empresarios e profesionais.*
- Funcións de recadación e recursos.*
- Declaracións informativas.*
- Censo de empresarios profesionais e retenedores.*
- Unidade de módulos desa Administración.*

Por elo, calquera veciño da Mariña, para resolver asuntos relacionados con eses servizos, terían que desprazarse a Lugo e en Foz soamente podería levar a cabo xestións de:

- Rendementos de Traballo.*
- Certificacións.*
- Rexistro e Información.*

Tendo en conta que este mesmo problema vano a sufrir todos os Concellos da Mariña luguesa e que a poboación deses Concello supero os 70.000 habitantes.

É por isto que o grupo municipal do Partido Popular de Viveiro:

- 1. Insta ao Ministerio de Facenda a que manteña os servizos que a Administración Tributaria de Foz ven prestando ata este momento debido aos prexuízos que eso suporía para os cidadáns da Mariña Lucense.*
- 2. Remitir acordo ao Ministerio de Facenda, á Delegación Provincial de Lugo do Ministerio de Facenda e aos tres grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados que forman esta Corporación: PP (Partido Popular) PSOE (Partido Socialista Obrero Español), BNG (Bloque Nacionalista Galego) e IU (Izquierda Unida).”*

Don Guillermo Leal, indica que, ademáis do sinalado no texto, solicitaría que na Mariña se levaran a cabo tramitacións de xestións catastrais.

A seguir, o alcalde cede a palabra aos diferentes Grupos políticos do Concello.

O voceiro do BNG, don Francisco Rodríguez Guerreiro, sinala que o seu Grupo tamén elaborou unha moción no mesmo sentido e que na presentaron xa que coincidía coa presentada polo Partido Popular. Indica que “*na nosa moción pedíamos a solicitude ao Pleno para que o Ministerio de Facenda retirase a súa proposta de reorganización e instar que se mantuvera a Delegación de Facenda de Foz cos servizos actuais*”. Igualmente sinala que o seu Grupo non ten inconveniente en solicitar que se amplíen máis prestacións das existentes.

O voceiro de EU, don Orlando Expósito Mariño, advirte que a Administración de Facenda de Foz xa leva moitos anos na súa xestión e que, de non ampliar as prestacións existentes, alomenos debería seguir nas mesmas condicións nas que está.

O señor alcalde móstrase a favor da moción, pero roga a modificación do termo “*aos tres grupos parlamentarios*” do parágrafo segundo da solicitude, xa que indica que son “*catro, e non tres, os partidos con representación neste Concello.*” Por outra banda, indica que “*en canto ao tema catastral Viveiro xa conta coa autorización como PIC, para poder realizar todas as*



modificacións catastrais vía informática". Igualmente sinala que non existe problema para incorporar esa solicitude á moción.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), presta aprobación á devandita moción e acorda:

1. Instar ao Ministerio de Economía y Hacienda a que manteña os servizos que a Administración Tributaria de Foz ven prestando ata este momento, debido aos prexuízos que eso suporía para os cidadáns da Mariña Lucense.
2. Instar á Dirección General del Catastro (Secretaría de Estado de Hacienda y Presupuestos), do Ministerio de Economía y Hacienda, para a Mariña conte cunha oficina de xestión catastral.

Dése conta deste acordo ao Ministerio de Economía y Hacienda, á Delegación Provincial de Lugo do Ministerio de Economía y Hacienda e aos catro grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados que forman esta Corporación: PP (Partido Popular) PSOE (Partido Socialista Obrero Español), BNG (Bloque Nacionalista Galego) e IU (Izquierda Unida).

4.2.- INSTAR Á XUNTA DE GALICIA PARA A CREACIÓN EN BURELA DE INSTALACIÓNS DE ENSINANZAS REGLADAS NOS EIDOS NÁUTICO, PESQUEIRO E ACUÍCOLA.

O concelleiro do PP, don José Joaquín Gayoso Roca, da lectura íntegra a esta moción, que textualmente, di:

“O sector marítimo-pesqueiro constitúe en Galicia un dos puntais fundamentais da actividade económica e mantén un forte arraigo e incidencia no eido social. Aínda que nos últimos tempos as condicións de vida no mar melloraron ostensiblemente, especialmente no aspecto formativo, parece claro que as dificultades que o medio mariño impón nos traballadores que nel realizan a súa actividade profesional fan que debamos seguir a mellorar.

Así pois, a Comunidade Autónoma Galega posúe entre as súas atribucións competenciais o desenvolvemento de planos formativos no eido marítimo e pesqueiro que nos levan a dispor dunha serie de centros educativos nos cales se imparten ciclos e módulos de mantemento de máquinas mariñas, navegación ou práctica pesqueira.

Máis nesta distribución de centros polas vilas e cidades do litoral galego existen certas carenzas ou desigualdades que o Goberno autonómico debería ter que cubrir e por en marcha unha disposición dos centros de xeito equidistante.

Neste senso, A Mariña de Lugo non dispón neste intre dun centro formativo no que os profesionais ou alumnos e alumnas en idade escolar poidan seguir as ensinanzas regradas de grao medio e superior do eido marítimo e pesqueiro. Así, as persoas que desexen cursar estes ciclos ou módulos estanse a dirixir á Escola Oficial Náutico Pesqueiro de Serantes, en Ferrol, ou ben ao centro “Cruceiro Baleares” de Culleredo, preto da Coruña. Estas alternativas supoñen un desprazamento superior a cen quilómetros e a imposibilidade de asistir diariamente ás clases desde o domicilio dos alumnos ou alumnas ría Mariña de Lugo.

Este feito vese agravado tendo en conta que a flota con base nos portos da Mariña constitúe unha das máis importantes de Galicia e mesmo esta zona xeográfica agrupa a dous portos, como



son Celeiro e Burela, dos cinco primeiros en volume de descargas de peixe fresco. O volume de flota pon derriba da mesma unha alta demanda de persoal cualificado cuxa cobertura é complicada e incluso vese agravada polos feitos expostos.

Por outra banda, a Mariña dispón de catro portos comerciais sitos en Celeiro, Burela, Ribadeo e San Cibrao, que demandan tamén persoal cualificado para atender os seus servizos. Asemade, o asentamento de importantes instalacións de cuicultura fan necesaria a ampliación da oferta educativa acorde coas necesidades dun sector en clara puxanza nesa comarca. Coñecedor deste problema, o Goberno Autonómico Galego rexido polo Partido Popular de Galicia dispuxo os medios para a creación na vila de Burela dunha escolar ou centro público onde se impartisen os ciclos formativos vinculados ao eido marítimo e pesqueiro, tendo tamén a intención de ampliar esta oferta educativa ás ensinanzas sobre materias de cuicultura. Mesmo dotou a esta iniciativa dunha partida orzamentaria para esta anualidade, que ascende a 45.000 euros, dos cales 18.000 están destinados á redacción dos proxectos técnicos e 28.000 ao inicio da execución material dos traballos de construción das instalacións do centro.

Así pois, queda clara a necesidade de artellar unha rede de centros que asegure o acceso dos alumnos e alumnas dos ciclos formativos vinculados no mar en condicións semellantes. Amais, existe esta iniciativa que viría a paliar esta necesidade, e que se atopa detida desde o mes de agosto.

Así pois, e á vista destes motivos, o concelleiro asinante formula a seguinte moción:

1.- Instar á Xunta de Galicia a que execute as disposicións orzamentarias consignadas nos Orzamentos Xerais da Xunta de Galicia para o ano 2005, para a creación en Burela de instalacións dotadas adecuadamente para desenvolver na Mariña de Lugo ensinanzas regradas nos eidos náutico, pesqueiro e acuícola.

2.- Que se establezan, nos Orzamentos Xerais da Xunta de Galicia para o ano 2006, as partidas orzamentarias necesarias para a adecuación total das instalacións e a posta en marcha das actividades lectivas nas materias formativas vinculadas aos eidos náutico, pesqueiro e acuícola.

3.- Dar traslado do acordo plenario sobre a presente moción á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.”

A seguir, o señor alcalde móstrase a favor da moción, aínda que advirte de que *“sempre e cando se modifique a variación de Burela como punto da localización, pola de Viveiro.”* Igualmente da conta dos motivos polos que debe estar en Viveiro:

- Hai un esforzo realizado pola Cofradía de Pescadores de Celeiro que conta cun buque escola e unha escola náutica de formación.
- As Consellerías de Industria e Pesca, Cofradía de Pescadores, Porto de Celeiro e Concello de Viveiro van configurar unha fundación de investigación e desenvolvemento.
- Na propia Delegación da Consellería de Pesca de Celeiro, xa hai aulas que poderían ser utilizadas inmediatamente para ensinanzas regradas nos eidos náutico, pesqueiro e acuícola.

O señor alcalde sinala que *“o que planteamos ao PP e que nos vale todo o que dice a moción, pero variando exclusivamente o lugar de ubicación de Burela polo de Viveiro”*.



A seguir, intervén o voceiro do BNG, don Francisco L. Rodríguez Guerreiro, indicando que o seu Grupo desexa facer unha transacción na moción do PP, advertindo que *“a día de hoxe non está resolto o concurso de ideas convocado en época preelectoral para a construción do edificio. No mesmo prego de condicións dese concurso non se garante a creación da escola.”* Ademais, indica que non se poden establecer partidas nos orzamentos para o centro ata que se seiba canto vai costar a súa posta en marcha, e sinala: *“que non se reflectan cantidades non significa que non existan cartos, xa que a Consellería ten capacidade para xerar créditos nos seus propios orzamentos.”*

Ademais, advirte de que o feito de que apareza diñeiro tampouco garante a obra e conclúe indicado que *“consideramos que o importante é que rememos todos na mesma dirección para que esta petición sexa realidade. O noso Grupo apoia que estea en Burela, porque é coherente co que opinamos noutros momentos e propoñemos que a Corporación Municipal solicite á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos a posta en funcionamento, con carácter urxente, dunha escola náutico pesqueira en Burela. Nos apoiamos a moción sempre que se nos admita esa transacción.”*

Don César Aja indica que o seu Grupo admite a transacción no sentido de solicitar a localización da escola na Mariña lucense, sen reflectir a cidade concreta de ubicación.

Don Melchor Roel apunta que *“nestes momentos hai investimento, formación e unha serie de infraestruturas que permiten que a escola se instale en Viveiro, polo que o noso Grupo solicita a variación do lugar de localización”*. Ademais, indica que politicamente o seu Grupo insistirá en que a escola se instale en Viveiro, *“xa que temos todos os servizos para atendela”*.

O voceiro de Esquerda Unida, don Orlando Expósito Mariño, ve favorable a postura apuntada por don César Aja, de solicitar á Xunta de Galicia á localización da escola na Mariña lucense.

A seguir, don Francisco L. Rodríguez Guerreiro indica que o seu grupo admitiría solicitar á escola para a Comarca ou para a Mariña lucense, pero que non quere entrar na polémica de que cada Concello pida que se ubique no seu territorio, xa que entende que o único que se fai con esa intención é crear enfrontamentos. Ademais, sinala que admitiría solicitar a escola para a Mariña lucense, co ánimo de aunar as posturas da Corporación, pero advirte de que todavía faltan os estudos oportunos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Don Melchor Roel volve incidir na localización da escola en Viveiro, xa que *“o que se está plantexando aquí é unha unanimidade para hoxe, pero unha discrepancia para mañá”*. Indica que *“o que temos que facer neste momento é posicionarnos”*.

A seguir, intervén o voceiro do PP, don César Aja Mariño, indicando que *“o seu Grupo retira a moción presentada, ao obxecto de evitar calquera tipo de enfrontamentos entre Concellos”*.

Non se producen outras intervencións, polo que o Pleno da Corporación, co voto favorable dos seus membros (17), por unanimidade, acorda aceptar á retirada da moción presentada polo PP para creación en Burela de instalacións de ensinanza regladas nos eidos náutico, pesqueiro e acuícola.



4.3.- **ELIMINACIÓN DE BARRERAS ARQUITECTÓNICAS.**

O concelleiro do PP, don José Joaquín Gayoso Roca, procede a dar lectura á moción presentada polo seu Grupo para a eliminación de barreiras arquitectónicas que, textualmente, di:

“Durante los últimos años se han producido numerosos avances en la integración social de las personas con discapacidad, que representan cerca del 10% de la población española.

La Ley 51/2003, de 2 de diciembre, de igualdad de oportunidades, no discriminación y accesibilidad universal de las personas con discapacidad declara que la no accesibilidad de los entornos, productos y servicios constituye, sin duda, una forma sutil pero muy eficaz de discriminación.

El Gobierno establecerá las condiciones básicas de accesibilidad y serán los Ayuntamientos los encargados de ejecutarla. La integración social de los discapacitados está presente en todos los planteamientos políticos y sociales, resultando imprescindible contar con los Ayuntamientos, como entidades administrativas más próximas al ciudadano.

Los ayuntamientos, por la proximidad aludida anteriormente, deben dar respuesta inmediata a las demandas de la sociedad, cubriendo los gastos que los ciudadanos no pueden asumir. Es por ello necesario, que los ayuntamientos se comprometan a llevar a cabo una política más pragmática de eliminación de todo tipo de barreras, que impida la plena integración de las personas con discapacidad en nuestra sociedad.

Por otro lado, el Gobierno que ha retrasado por tercera vez la aprobación de la Ley de autonomía personal para las personas dependientes, prevista ahora para el primer semestre de 2006, debe destinar una partida presupuestaria para que los ayuntamientos hagan frente a la dependencia.

Por otro lado, el Gobierno que ha retrasado por tercera vez la aprobación de la Ley de autonomía personal para las personas dependientes, prevista ahora para el primer semestre de 2006, debe destinar una partida presupuestaria para que los ayuntamientos hagan frente a la dependencia.

Es por ello, que el Grupo Municipal del P.P. del Ayuntamiento de Viveiro declara la necesidad de que el Gobierno de la nación destine la suficiente cuantía para que los ayuntamientos hagan frente a las necesidades derivadas de la dependencia.

Con motivo del día 3 de diciembre, día europeo de la discapacidad, el Grupo Municipal del PP del Ayuntamiento de Viveiro presenta la siguiente moción y se somete a la consideración del Pleno la aprobación de los siguientes puntos:

- 1. Que el Ayuntamiento de Viveiro asuma el compromiso de eliminación de barreras arquitectónicas en base a lo dispuesto en la Ley 51/2003 de 2 de diciembre, de igualdad de oportunidades, no discriminación y accesibilidad universal de las personas con discapacidad y, desde el Gobierno de la nación, se le destine la suficiente partida presupuestaria.*
- 2. Que el Ayuntamiento de Viveiro inste al Gobierno de la nación a que le destine la conveniente partida presupuestaria para hacer frente a los problemas derivados de la dependencia de acuerdo con las Comunidades Autónomas.*
- 3. Que el Ayuntamiento de Viveiro inste al Gobierno a presentar cuanto antes en el Congreso de los Diputados el Proyecto de la Ley de Autonomía Personal y Protección de las Personas Dependientes, en base al cual se establezca un Sistema Nacional de atención a quienes padecen este tipo de situación, y esté garantizada la participación de*



Corporaciones Locales con el apoyo del Gobierno de la Nación y las Comunidades Autónomas.”

A seguir, intervén o señor alcalde indicando que o seu Grupo non ten ningún problema en apoiar o fin que se expresa na moción, pero sinala que desexa deixar claro un tema que lle extraña que é o de instar con tanta urxencia ao goberno da nación, cando a normativa vixente nesta materia, concede un prazo aos concellos de adaptación de 12 a 14 anos a partir do ano 2003. Indica que non entende esta urxencia, pero que o seu Grupo apoiará a moción.

Intervén o voceiro do BNG, don Francisco L. Rodríguez Guerreiro, preguntando se se pode votar a moción por partes, xa que o seu grupo está parcialmente de acordo: *“o BNG está agardando a modificación do Estatuto, no que se recollan a asunción de competencias exclusivas nesta materia”*. Entende que esta cuestión debe resolverse consonte ás competencias exclusivas que posúa Galicia, xa que cada Comunidade Autónoma é diferente e a eliminación de barreiras hai que resolvelas tendo en conta as características de cada lugar: *“non é o mesmo plantexar na Comunidade de Madrid unha política de residenzas para persoas da terceira idade de Centro de Día, que plantexalo en Galicia, onde hai unha poboación moi dispersa.”*

Indica que o seu Grupo apoia a moción nos dous primeiros parágrafos (1 e 2), pero non no terceiro, relativo á instar ao Goberno de España a presentar canto antes no Congreso o proxecto de Lei de *Autonomía Personal y Protección de las Personas Dependientes*, porque entende que este asunto debe ser unha competencia exclusiva de cada Comunidade Autónoma e non regularse do mesmo xeito para toda España. Así mesmo, indica que o Concello xa fixo moitas actuacións para a eliminación de barreiras arquitectónicas, pero reconece que quedan moitas por facer.

Intervén o voceiro de EU, don Orlando Expósito Mariño, para indicar que *“segundo as posibilidades do Concello, é moi correcto que se vaia solventando a supresión das barreiras arquitectónicas, para facilitar aos minusválidos todo tipo de desprazamentos.”* Comenta o caso dos minusválidos que viven na Residencia Betania, que teñen problemas para saír á rúa polas dificultades para desprazáranse. Tamén indica que ve correcta a proposta do voceiro do Bloque, no sentido de agardar ás competencias exclusivas que teña Galicia nesta materia para regular a diferente integración dos minusválidos.

En relación á intervención do voceiro do BNG, o señor alcalde propón que se incorpore no punto terceiro da moción a que se realicen ás transferenzas nesta materia á Comunidade Autónoma de Galicia.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), presta aprobación á devandita moción, e acorda:

1. Que o Concello de Viveiro asume o compromiso de eliminación de barreiras arquitectónicas, consonte ao disposto na Lei 51/2003 de 2 de decembro, *de igualdad de oportunidades, no discriminación y accesibilidad universal de las personas con discapacidad* e que, desde o Goberno do Estado, se destine a suficiente partida orzamentaria.



2. Que o Concello de Viveiro inste ao Goberno do Estado a que lle destine a conveniente partida orzamentaria para hacer fronte aos problemas derivados da dependencia de acordo coas Comunidades Autónomas.
3. Que o Concello de Viveiro inste ao Goberno de España a realizar as transferencias necesarias á Comunidade Autónoma de Galicia sobre *Autonomía Personal y Protección de las Personas Dependientes*, así como aquelas outras relacionadas con esta materia.

Dése traslado do acordo á *Secretaría de Estado de Servicios Sociales, Familias y Discapacidad*, do *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales*.

4.4.- **MEDIDAS QUE FAVOREZAN A INSERCIÓN DOS INMIGRANTES.**

Polo concelleiro do PP, don José Joaquín Gayoso Roca, dase lectura á moción relativa ás medidas que favorezan a inserción dos inmigrantes que, textualmente, di:

“La realidad abierta de la sociedad española actual, unida a la prosperidad económica de los últimos años y el aumento del nivel de vida, ha tenido importantes consecuencias en todos los ámbitos. En concreto, la llegada a España de numerosas nacionalidades ha significado una variación en la composición humana de nuestros municipios, provincias....

La diversidad cultural se ha convertido en una realidad social en toda España. La pluralidad de orígenes de quienes han venido a vivir con nosotros en los últimos años ha traído a nuestras tierras nuevas situaciones que exigen de una respuesta adecuada por parte de las Administraciones Locales.

Los Ayuntamientos, las Diputaciones y las demás Administraciones Locales se ven en la necesidad de atender debidamente a los nuevos veciños, que llegan con sus propias preocupaciones. En materias como la vivienda, la educación, la sanidad, los servicios sociales varios ..., las Administraciones Locales deben satisfacer las necesidades de los nuevos vecinos y, simultáneamente, seguir atendiendo a la población en general como hasta ahora.

El Consejo de Ministros de 30-12-04 aprobó el Reglamento de Extranjería, en desarrollo de la Ley Orgánica 14/2003, de 20 de noviembre, que modifica Ley Orgánica 4/2000, de 11 de enero, sobre derechos y libertades de los extranjeros en España y su integración social, a su vez ya modificada por la Ley Orgánica 8/2000, de 22 de diciembre y la Ley Orgánica 11/2003, de 29 de septiembre.

El Reglamento y el consiguiente proceso de regularización extraordinaria de inmigrantes, puesto en marcha por el Gobierno de la Nación, ha significado para las Administraciones unos nuevos retos y unas nuevas responsabilidades.

De esta forma, el Estado encomienda una gran responsabilidad a los Ayuntamientos: en la certificación de arraigo, en que los Ayuntamientos pueden recomendar que se exima al inmigrante del contrato de trabajo, si tiene medios de vida; en el informe de vivienda, para reagrupación familiar...

Sin embargo, hasta ahora no se han previsto más medios para los Ayuntamientos, que asumen una gran carga.

Es cierto que las Administraciones Locales prestamos múltiples servicios a las personas y además, con el esfuerzo y el deseo de prestarlos cada vez mejor.

En concreto, en este municipio, el número de extranjeros empadronados implica un aumento considerable con respecto a años anteriores



Las competencias entre el Estado, las Comunidades Autónomas y las Administraciones Locales deben estar coordinadas en materia de atención a la población inmigrante.

La Constitución consagra la inmigración como una competencia del Estado. Las Comunidades Autónomas han asumido múltiples servicios en virtud de sus competencias en asuntos sociales, educación, sanidad o vivienda. De la misma forma, las Administraciones Locales están haciendo un enorme esfuerzo.

Por todo ello, el Grupo Municipal Popular somete a la consideración del Pleno la aprobación de los siguientes acuerdos:

- 1. Instar al Gobierno de la Nación a transferir a las Administraciones Locales los recursos económicos necesarios para atender debidamente a los inmigrantes, en la cuantía de cien euros por persona inmigrante y año.*
- 2. Instar al Gobierno de la Nación a cumplir las mociones aprobadas en el Senado en materia de inmigración y de transferencia de recursos a las Administraciones Locales.*
- 3. Instar al Gobierno de la Nación a asegurar la debida integración y convivencia, mediante la determinación de un contingente anual por Comunidades Autónomas y atendiendo a los municipios más implicados.*
- 4. Realizar el empadronamiento de extranjeros con las mayores garantías de legalidad y de seguridad jurídica de los individuos, con rigor en el procedimiento y con la indicación – en la certificación correspondiente- de la información necesaria sobre el empadronado para facilitar la máxima colaboración interadministrativa.*
- 5. Valorar el tiempo de residencia en el municipio como criterio de ponderación para obtener, en las correspondientes convocatorias, determinadas ayudas o recibir determinados servicios municipales, sin perjuicio de los que toda persona tenga derecho a recibir per se, según la legislación vigente.*
- 6. Desarrollar nuevos espacios de acogida de desarrollo social y cultural, de forma que los inmigrantes puedan integrarse en nuestra sociedad, nuestra cultura y nuestra lengua, reconociendo al mismo tiempo su derecho a la libertad cultural y, por tanto, a mantener sus lenguas y culturas de origen; todo ello con la colaboración de asociaciones y entidades sociales.*

De los anteriores acuerdos se remitirá copia al Presidente del Gobierno, al Presidente de la Comunidad Autónoma y al Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.”

A seguir, don Melchor Roel indica que está de acordo coa moción, pero precisa que *“houbo algún cambio e sensibilidade neste tema, xa que casi todos os concellos de Galicia, que son cabeceira de Comarca, recibimos da Xunta de Galicia unhas cuantías que permitiron a contratación de persoal para atención dos inmigrantes”*. Mostrase de acordo coa moción, pero único que cambiaría e que non sexan só as Comunidades Autónomas as competentes, senón tamén as Comarcas.

O voceiro do BNG, don Francisco L. Rodríguez Guerreiro, solicita se modifique na moción o termo *“Gobierno da nación”* por *“Gobierno Central ou do Estado”*, petición que é aceptada por unanimidade.

O voceiro de IU, don Orlando Expósito Mariño, dirixíndose ao Grupo Popular, indica que *“na vosa moción faise incapé sobre todo aos aspectos económicos, pero unha problemática maior*



deste colectivo é precisamente no tema do empadramento". Fai referencia á moción presentada polo seu Grupo, en novembro de 2005 no Concello de Ferrol, e que foi aprobada por unanimidade polo Pleno da Corporación, dando ás máximas facilidades aos inmigrantes no empadramento municipal. Propón que este tema se recolla no acordo do seguinte xeito: "*Que o Concello de Viveiro garante que as persoas inmigrantes, que teñan que renovar a inscrición no Padrón, non se lles esixa ningunha documentación complementaria, sendo suficiente coa súa simple presenza*". Sinala que hai que ser flexible con este colectivo e darlle facilidades, polo que solicita a retirada do parágrafo número 4 ou ben a súa modificación.

O señor alcalde solicita á modificación do apartado 4 da moción, para que quede redactado do seguinte xeito: "*Realizar o empadramento de estranxeiros coas maiores garantías de legalidade e de seguridade xurídica dos individuos*", proposta que é aceptada.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), acorda:

1. Instar ao Goberno do Estado a transferir ás Administracións Locais os recursos económicos necesarios para atender debidamente aos inmigrantes, na cuantía de cen euros por persoa inmigrante e ano.
2. Instar ao Goberno do Estado a cumprir as mocións aprobadas no Senado en materia de inmigración e de transferencia de recursos ás Administracións Locais.
3. Instar ao Goberno do Estado a asegurar a debida integración e convivencia, mediante a determinación dun continxente anual por Comunidades Autónomas e atendendo aos concellos máis implicados.
4. Realizar o empadramento de extranxeiros coas maiores garantías de legalidade e de seguridade xurídica dos individuos.
5. Valorar o tempo de residencia no concello como criterio de ponderación para obter, nas correspondentes convocatorias, determinadas axudas ou recibir determinados servizos municipais, sen prexuízo dos que toda persoa teña dereito a recibir *per se*, consonte a lexislación vixente.
6. Desenvolver novos espazos de acollida de desenvolvemento social e cultural, de forma que os inmigrantes poidan integrarse na nosa sociedade, na nosa cultura e na nosa lingua, recoñecendo ao mesmo tempo o seu dereito á liberdade cultural e, polo tanto, a manter as súas linguas e culturas de orixe; todo elo coa colaboración de asociacións e entidades sociais.

Dése traslado do acordo ao Presidente do Goberno español, ao Presidente da Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.

5º.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DE ALCALDÍA

O Sr. alcalde dá conta dos Decretos asinados dende o último Pleno ordinario, os cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete) acorda darse por informado dos Decretos da Alcaldía.



6º.- **ROGOS E PREGUNTAS.**

Prodúcese a intervención do voceiro de EU, don Orlando Expósito Mariño, interesándose polos seguintes temas:

1. En Castelo (Magazos) hai un espello roto na estrada. Solicita a súa reposición.
2. Pregunta se se van a retirar os rótulos existentes nalgunhas estradas, relativos ao Plan Galicia. O señor alcalde respóndelle que haberá que realizar esa xestión coa Xunta de Galicia.
3. Finalmente pregunta cales foron os motivos dos fallos existentes no alumeado da estrada de Celeiro. O señor alcalde respóndelle que un día de temporal un cable de media tensión tocou cunha farola e saltaron todos os automáticos, polo que houbo que cambiar a farola de sitio e reparar os automáticos.

E sen máis asuntos a tratar, o señor alcalde da por rematada esta sesión, cando son as vinteunha horas e cuarenta minutos da data indicada, estendéndose de todo o tratado esta acta, da que eu, Secretario accidental, dou fe.